



SANTA COMBA APOSTA POLA COMPOSTAXE

O Concello de Santa Comba dá un paso máis na recollida selectiva dos residuos urbanos.

Estamos a piques de implantar o quinto contedor destinado a residuos orgánicos domésticos. Estes contedores van distribuírse entre as distintas rúas do casco urbano do concello. Son doados de distinguir, pois a súa cor é marrón e teñen menor tamaño que os verdes e amarelos. Ademais están pechados con chave, e, todo aquel que queira facer uso deles debe ter unha no seu poder.

Este contedor de cor marrón, destinado exclusivamente a recoller os residuos orgánicos (froitas, verduras, legumes, cascas de ovo, pousos de café e bolsas de infusións, flores e plantas, restos de carne, peixe, malas herbas, céspede,...) súmase ao amarelo (envases de plástico, latas e bricks), iglú azul (papel e cartón), iglú verde (envases de vidro), verde (fracción resto, todo o que non vai nos outros contedores).

O venres, día 22 de outubro, arredor de 80 persoas participaron nunha charla informativa que tivo lugar no Multiusos, e fíxoselles entrega do correspondente kit, que poderán empezar a usar unha vez que os contedores marróns estean instalados nas rúas.

Todos os veciños e veciñas do núcleo urbanos que desexen participar nesta iniciativa, poden facelo chamando ao concello (981880075) ou a través da dirección de correo medioambiente@santacomba.es. Posteriormente, dende o departamento de Medio Ambiente contactarase con eles para facerlles entrega dun caldeiro específico de 10 litros para o seu domicilio, un lote de bolsas biocompostables, un manual explicativo, e as chaves dos contedores marróns. Esta última medida estaría destinada a evitar residuos impropios e fomentar uns mellores resultados na recollida selectiva dos biorresiduos.

A materia orgánica recollida será entregada na planta de compostaxe de SOGAMA, asentada en Cerceda.

Paralelamente, continuaremos co reparto de composteiros no rural, dando continuidade a campaña iniciada no verán co reparto de 50 composteiros entre os veciños do concello.

Así repartiremos 50 composteiros máis, para que os veciños con horta e xardín tamén poidan aproveitar os seus restos orgánicos e transformalos en compost, que é un excelente abono orgánico, tanto para a agricultura como para a xardinería. Os interesados nesta iniciativa para o rural poden poñerse en contacto co concello no número 981880075 ou a través da dirección de correo medioambiente@santacomba.es. Posteriormente dende o departamento de Medio Ambiente poranse en contacto con eles para convocalos a unha charla informativa e facerlle entrega do composteiro.

Dende o concello invitamos a toda a veciñanza a apostar pola compostaxe.